

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ORDE do 1 de febreiro de 2012 pola que se modifica o Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador.*

O 2 de outubro de 2009 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador.

Por outra parte, de acordo co establecido na actual regulación comunitaria do sector vitivinícola, as denominacións de orixe recoñecidas conforme as normas da anterior Organización Común do Mercado Vitivinícola do ano 1999 quedaron protexidas ao entrar en vigor a nova regulación do ano 2008, pero os Estados membros adquiriron a obriga, para mantelas, de presentar antes do 31 de decembro de 2011, para cada denominación de orixe, o denominado «expediente técnico», conxunto de documentos que inclúe o prego de condicións da denominación, onde se recollen os aspectos fundamentais da súa regulación.

Nos pasados meses, o Consello Regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra traballou na elaboración do devandito prego de condicións, que tras ser aprobado polo Pleno deste organismo foi posteriormente remitido aos servizos da Comisión Europea. O devandito prego de condicións contén algúns elementos que modifican puntualmente determinados aspectos do Regulamento vixente da denominación de orixe e do seu Consello Regulador, modificacións que se poden considerar «de menor importancia», polo que é de aplicación o establecido na letra d) do número 1 do artigo 73 do R(CE) n.º 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo de 2009, na redacción dada polo R(CE) n.º 670/2011 da Comisión, do 12 de xullo de 2011. Por iso, as ditas modificacións puideron ser incluídas no prego de condicións que se remitiu á Comisión Europea.

Faise necesario, polo tanto, modificar o Regulamento desta denominación de orixe e do seu Consello Regulador para adecuar o seu contido ao do prego de condicións aprobado. Ademais, aprovéitase a circunstancia para corrixir un erro material que se producira na publicación do devandito regulamento referida á unidade de medida do contido máximo en sulfuroso total, que actualmente figura en gramos por litro, cando o debía ser en miligramos por litro.

Polo tanto, tras a proposta do Consello Regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra e de acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regu-

lan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do anexo da Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador.

O Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador, aprobado pola Orde do 29 de setembro de 2009 (DOG n.º 194, do 2 de outubro), queda modificado de acordo co que se expresa a continuación:

Un. No encabezado da última columna da táboa que figura no número 4 do artigo 12, relativa ao contido máximo en sulfuroso total, onde di: «g/l», debe dicir: «mg/l».

Dous. O número 2 do artigo 13 queda redactada da seguinte forma:

«2. Non obstante, tendo en conta os costumes e as dificultades orográficas da área de produción, autorízase a inscrición nos rexistros de adegas de elaboración, almacenaxe e embotellado daquelas instalacións que, cumprindo os demais requisitos establecidos, estean situadas nos terreos das seguintes parroquias:

a) Subzona de Amandi:

Municipio de Sober: Brosmos, Bulso, Figueiroá e Proendos.

b) Subzona de Chantada:

Municipio de Carballedo: Vilaquinte, San Romao de Campos e Veascós.

Municipio da Peroxa: O Souto, Toubes, A Peroxa, Gual, Mirallos e Vilarrubín.

Municipio de Portomarín: Cortapezas, San Mamede de Belaz, Recelle, Bagude, Vedro e Caborrecelle.

Municipio de Taboada: Cicillón, Vilela, Carballo e Vilar de Cabalos.

Municipio de Chantada: Arcos, Merlán, Chantada, San Salvador de Asma, Veiga e Vilaúxe.

c) Subzona de Ribeiras do Miño:

Municipio de Pantón: Eiré, Serode, Següín e San Fiz de Cangas.

Municipio do Saviñao: Vilelos, Vilaesteva, Freán, Louredo, A Laxe, Fión, Marrube, Vila-sante, Licín e Piñeiró.

d) Subzona de Ribeiras de Sil:

Municipio da Teixeira: Montoedo e Pedrafita.

Municipio de Castro Caldelas: Mazaira, Trabazos, Camba e Poboeiros».

Tres. A letra b) do número 1 do artigo 17 queda redactada do seguinte modo:

«b) Todos os inscritos no Rexistro de Adegas Embotelladoras presentarán, antes do 1 de setembro de cada ano, as declaracións de saídas, indicando o destino, e existencias de produto amparado durante a campaña vitivinícola».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012.

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Medio Rural e do Mar